

MEMORIA PROXECTO IG239 – CONTIDO PROPOSTO

Este documento é unha guía orientativa do contido que debería ter a memoria da solicitude de Obradoiros multidisciplinares de dixitalización, innovación, sostibilidade e loxística avanzada.

Podedes estendervos a outros aspectos non mencionados aquí e que vos parezan relevantes para a mellor comprensión do proxecto, pero sen excedervos. Valorarase a claridade, precisión e concisión da descrición.

ESTRUTURA PROPOSTA:

1.- BREVE PRESENTACIÓN DA ENTIDADE

Queremos coñecer a túa entidade, cóntanos algo dela: como xurdiu, quen son os vosos socios, traxectoria, actividade, ámbito, etc. Brevemente, é só para poñernos en contexto.

Sector onde desenvolvas a túa actividade. Explica os teus motivos para encadrarte no sector que indicas.

Experiencia: Indica a experiencia da túa entidade na xestión de proxectos colaborativos nos 3 últimos anos, indícanos os proxectos que xestionaches, a temática, quen participou e os resultados obtidos neses proxectos. Debes achegar unha folla de cálculo co compendio desa información, segundo o modelo que se facilita no formulario de solicitude. Ademais debes achegar para cada proxecto a seguinte información adicional (VER ANEXO I):

- a) Memoria descritiva do proxecto: que recolla a temática desenvolvida, os obxectivos, os participantes implicados e a metodoloxía empregada.
- b) Evidencias de execución (non é necesario que sexan exhaustivas, pero si ilustrativas): tales como rexistros de asistencia, informes das actividades realizadas e material de apoio.
- c) Resultados medibles: con información sobre os obxectivos acadados e os resultados obtidos, como proxectos iniciados ou acordos de colaboración.

2.- DESCRICIÓN POLO MIÚDO DO PROXECTO QUE SE PRESENTA

Obxectivos: Definir os obxectivos xerais e específicos:

- Que tipo de obradoiro queres organizar? Describe a temática xeral do obradoiro.

- O obradoiro que propós ten unha orientación transversal ou está orientado a un sector concreto? Motiva a identificación do sector.

Innovación e impacto: Xustificar a relevancia do proxecto en termos de dixitalización, sustentabilidade, ou innovación.

- Por que queres facer iso? Que necesidade detectaches? Cales son os teus obxectivos? (melloras cuantitativas e cualitativas esperadas). Describe claramente o problema ou a necesidade que queres abordar, tanto desde o punto de vista cualitativo como cuantitativo; identifica as causas, as consecuencias e as condicións de contorno que inflúen.

Necesidades: Describir os recursos necesarios:

- EQUIPO DE TRABAJO

Queremos entender quen formará parte do equipo que levará a cabo o proxecto e cal será o seu papel:

- Quen son as persoas clave que participarán no proxecto? Podedes facer un cadro resumo nomeándoas e explicando o seu rol.
- Que experiencia tedes en proxectos similares? Ides dinamizar vós os obradoiros? Indicade a vosa formación e traxectoria profesional relevante. Que funcións específicas desenvolverá cada membro do equipo? Para indicar esta información podedes facer unha pequena ficha para cada membro do equipo.
- Hai persoas con perfís técnicos, de xestión ou de dinamización? Como se complementan entre elas?
- Como se organizará o equipo para garantir que todas as tarefas se desenvolvan correctamente?

A idea é presentar unha visión clara e estruturada do equipo, asegurando que cada membro teña unha función ben definida e acorde ás necesidades do proxecto.

- ORZAMENTO DESGLOSADO POR PROVEDOR

Este apartado busca ter unha idea clara sobre as actividades subcontratadas e a xustificación dos custos do proxecto:

- Que actividades necesidades subcontratar?
- Que provedores serán contratados e cales son os seus servizos? Que criterio utilizaches para seleccionalos? Que experiencia teñen?
- Como se distribúe o orzamento entre os distintos provedores?

- Existen comparacións de ofertas recibidas? Comproba que as ofertas dos provedores teñen data de solicitude e prazo de validez.
- Hai algún custo adicional que deba ser explicado?

Podedes achegar unha táboa como esta para consignar a información para que poidamos ter unha visión estruturada e clara da desagregación do orzamento:

Provedor	NIF	Servizo Prestado	Custo (€)	Xustificación da Elección
Nome Provedor 1	XXXXXXXX	Servizo contratado	XXXX €	Explicación breve
Nome Provedor 2	XXXXXXXX	Servizo contratado	XXXX €	Explicación breve
Nome Provedor 3	XXXXXXXX	Servizo contratado	XXXX €	Explicación breve

Se procede, tamén podedes achegar unha táboa comparativa das distintas ofertas recibidas, no caso de que sexa necesario contar con ofertas de 3 provedores.

No propio formulario podedes atopar modelos destas táboas.

3.- XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA E DESCRICIÓN DO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

Indicar as fases do proxecto:

- Como se vai desenvolver o obradoiro? Describe a temática de cada sesión, cronograma do desenvolvemento, duración e número de sesións previstas.
- Cales son as data previstas de inicio e finalización?

Explicar o papel de cada empresa participante (mínimo 6):

- Quen consideras importante que participe no obradoiro? Identifica perfís, número de empresas participantes e posición na cadea de valor das empresas participantes.
- Por que queren as empresas do voso sector asistir a este obradoiro? Que interese e/ou atractivo pode ter para elas?

Metodoloxías empregadas Describir detalladamente as metodoloxías que se utilizarán no desenvolvemento do proxecto:

- Procedementos de xestión e coordinación entre os participantes:
 - o Como se vai desenvolver cada sesión? Que nivel de implicación se vai pedir das empresas participantes?

Como interactúan entre elas? Cales serán as tarefas a desenvolver por parte das participantes?

- Ferramentas e tecnoloxías dixitais ou colaborativas que se empregarán.
- Estratexias para fomentar a participación activa das empresas:
 - Como se xerarán as dinámicas? Que metodoloxías de dinamización se van utilizar? Por que? Que experiencia tedes vós ou os vosos provedores na utilización desas metodoloxías. Que recursos humanos propios da vosa entidade estarán dedicados ao proxecto? Con que intensidade? Que labores van desempeñar?
 - Van participar relatores expertos? Quen? Cal é a súa experiencia? Que valor achegan para o obradoiro?
- Metodoloxías para a recollida e análise de datos relevantes.
- Sistemas de seguimento e avaliación para garantir a consecución dos obxectivos.

4. ENTREGABLES

Este apartado serve para detallar cales serán os produtos ou documentos xerados ao longo do proxecto. Para completar este punto, reflexionade sobre as seguintes cuestións:

- Que materiais ou documentos se producirán como resultado do proxecto?
- Haberá informes técnicos, estudos de mercado, guías metodolóxicas ou materiais formativos?
- En que formato se entregarán (PDF, presentacións, vídeos, ferramentas dixitais)?
- Como se distribuirán os entregables aos participantes ou outras entidades interesadas?
- Algunha das entregas será de acceso público ou reservada para os implicados no proxecto?

A intención é deixar claro que resultados concretos se esperan do proxecto e como serán utilizados polos destinatarios.

5. INDICADORES DE RESULTADOS

Os indicadores de resultados permitirán medir o impacto e o éxito do proxecto. Debedes presentar indicadores claros e medibles (número de proxectos derivados, colaboracións iniciadas, número de asistentes por reunión, etc.):

- Que número de proxectos derivados e colaboracións iniciadas se espera obter?
- Haberá unha enquisa de satisfacción para avaliar a percepción dos participantes?
- Como se cuantificará o número de asistentes por reunión?

- Unha vez finalice o obradoiro, que impacto sectorial e melloras observadas se poderán medir? Que resultados esperades obter?
- Como se verificará que os obxectivos iniciais foron acadados?

A definición de indicadores é un dos aspectos que se ten en conta á hora de baremar o proxecto. Con todo, é fundamental establecer indicadores realistas e factibles, xa que **non alcanzar os indicadores definidos na solicitude suporá o reintegro de ata un 10% da subvención concedida.**

A continuación, preséntase un modelo de táboa para consignar a información:

Indicador	Valor esperado	Documentación acreditativa
Nome do Indicador 1	XX	Tipo de documento a achegar
Nome do Indicador 2	XX	Tipo de documento a achegar
Nome do Indicador 3	XX	Tipo de documento a achegar

Esta táboa axudará a proporcionar unha visión estruturada e clara do seguimento dos indicadores.

6. DIFUSIÓN DE RESULTADOS

Defínese como se comunicarán os resultados do proxecto para maximizar o seu impacto (estratexias de comunicación e divulgación do proxecto).

- Que canles de difusión se van empregar? (páxina web, redes sociais, notas de prensa, eventos, casos de éxito, etc.)
- Haberá publicacións en medios especializados ou colaboracións con outras entidades?
- Organizaranse eventos, xornadas ou encontros para presentar os resultados?
- Como se asegurará a visibilidade do proxecto ante os seus grupos de interese?
- De que maneira se coordinará a difusión co Igape para garantir unha comunicación efectiva?
- Que retorno esperades obter desa difusión?

A proposta concreta de actividades de difusión é un dos aspectos que se ten en conta á hora de baremar o proxecto. Con todo, é fundamental ter en conta que **non realizar as actividades de difusión de acordo co compromiso adquirido na solicitude suporá o reintegro dun 5% da subvención concedida.**

A continuación, preséntase un modelo de táboa para consignar a información:

Actividade	Documentación acreditativa
Actividade de difusión 1	Tipo de documento a achegar
Actividade de difusión 2	Tipo de documento a achegar
Actividade de difusión 3	Tipo de documento a achegar

A idea é proporcionar unha estratexia clara e efectiva para garantir que os resultados do proxecto cheguen ao público obxectivo e teñan un impacto relevante.

7. XUSTIFICACIÓN DO ENCAIXE ESTRATÉXICO

Explicar como o proxecto aborda os obxectivos da RIS3 e outras estratexias autonómicas ou europeas relevantes:

- Cal é o impacto do obradoiro nos obxectivos estratéxicos e desafíos definidos na RIS3? Como ides medir ese impacto?

8. RESUMO DE APLICACIÓN DE CRITERIOS

Para cada un dos criterios de avaliación que aparecen nas bases reguladoras, que elementos deberíamos ter en conta para puntuar o teu proxecto? (non se trata de asignarse unha puntuación, senón de indicar brevemente os méritos do proxecto relacionados con cada criterio)

ANEXO I: Exemplo práctico da documentación acreditativa da experiencia:

a) Memoria descriptiva do proxecto

Título do proxecto:

"EcoCírculo 2025: Transformación de Residuos en Oportunidades Empresariais"

Temática desenvolvida:

O proxecto céntrase en fomentar a economía circular entre pemes galegas, con énfase na reutilización de residuos industriais como materia prima para novos produtos. Preténdese crear sinerxías entre empresas de distintos sectores para reducir o impacto ambiental e mellorar a competitividade.

Obxectivos:

1. Capacitar a 15 empresas en prácticas de economía circular.
2. Desenvolver 3 proxectos piloto intersectoriais para a reutilización de residuos.
3. Reducir nun 20% os residuos xerados polas empresas participantes ao finalizar o proxecto.

Participantes implicados:

- Empresas participantes:
 - **Empresa A (Automoción):** Aportará residuos metálicos non perigosos.
 - **Empresa B (Construción):** Explorará usos de materiais reciclados.
 - **Empresa C (Alimentación):** Contribuirá cun proxecto de compostaxe de residuos orgánicos.
- Entidades colaboradoras:
 - Centro Tecnolóxico Galicia EcoLab: Apoio técnico e metodolóxico.
 - Consultora CircularData: Análise de fluxos de residuos.

Metodoloxía empregada:

- **Fase 1 (Diagnóstico):** Identificación de fluxos de residuos e análise de oportunidades.
 - **Fase 2 (Co-creación):** Talleres de simbiose industrial para o desenvolvemento de solucións colaborativas.
 - **Fase 3 (Implementación):** Probas piloto en contornas reais para validar as solucións deseñadas.
-

b) Evidencias de execución

1. Rexistros de asistencia:

- o Listaxe de participantes en cada sesión, asinados polos asistentes.

2. Informes das actividades realizadas:

- o Informe final, incluíndo obxectivos, actividades realizadas e conclusións.

3. Material de apoio utilizado:

- o Presentacións en PowerPoint empregadas nos talleres.
 - o Guías metodolóxicas distribuídas aos participantes.
-

c) Resultados medibles

1. Obxectivos acadados:

- o **Obxectivo 1:** Formación de 15 empresas en prácticas de economía circular.
- o **Obxectivo 2:** Creación de 3 proxectos piloto, un para cada fluxo de residuos identificado.
- o **Obxectivo 3:** Redución demostrada nun 22% dos residuos xerados ao final do proxecto.

2. Resultados obtidos:

o **Proxectos iniciados:**

1. Empresa A e B: Desenvolvemento de materiais de construción a partir de refugallos metálicos.
2. Empresa C: Producción de compost a partir de residuos alimentarios, usado por unha granxa local.

o **Acordos de colaboración:**

- Memorando de entendemento entre empresas participantes para continuar colaborando en proxectos de economía circular.

3. Indicadores de éxito:

- o Número de proxectos piloto desenvolvidos: 3.
- o Porcentaxe de redución de residuos: 22%.
- o Novas oportunidades de negocio xeradas: 2 novos produtos lanzados no mercado.